

GREGO II

OPCIÓN 1: XENOFONTE

I.- TRADUCIÓN (Puntuación máxima: sete puntos)

OS LACEDEMONIOS RECIBEN UNS EMBAIXADORES

Ἐξ Ἀκάθου δὲ καὶ Ἀπολλωνίας, αἵπερ μέγιστα ἦσαν τῶν περὶ Ὀλυθον πόλεων, πρέσβεις ἀφίκοντο εἰς Λακεδαίμονα. ἀκούσαντες δ' οἱ ἔφοροι τὰ πράγματα ὧν ἕνεκα ἦκον, προσήγαγον αὐτοὺς πρὸς τὴν ἐκκλησίαν καὶ τοὺς συμμάχους.

NOTAS. 1. Ἰ Ακάθος, Acanto (cidade), Ἰ Απολλωνία, Apolonia (cidade), Ἰ Ολυθος, Olinto (cidade), Λακεδαίμων, Lacedemonia (ou Esparta). 2. προσήγαγον, aoristo de προσάγω.

II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos).

a) Contestar a DÚAS destas catro PREGUNTAS

1. Análise morfolóxica de ἀκούσαντες.
2. Obras de Xenofonte.
3. De que guerra fixo Historia Xenofonte?
4. Cite e explique algúns exemplos de vocabulario actual relacionados con πρέσβυς 'embaixador, persoa de idade, vello' e con ἀκούω 'oír, escoitar'.

b) Contestar obrigatoriamente a UNHA destas dúas PREGUNTAS:

1. Temas e ambientes nos poemas de Alceo.
2. Características principais do heroe homérico.

OPCIÓN 2: PLATÓN

I.- TRADUCIÓN (Puntuación máxima: sete puntos)

SÓCRATES EXPÓN A ORDE NA QUE FARÁ A SÚA DEFENSA.

Πρώτον μὲν οὖν δίκαιός εἰμι ἀπολογήσασθαι, ὧ ἄνδρες Ἀθηναῖοι, πρὸς τὰ πρώτᾳ μου ψευδῆ κατηγορημένα καὶ τοὺς πρώτους κατηγοροῦς, ἔπειτα δὲ πρὸς τὰ ὕστερον καὶ τοὺς ὕστερους.

NOTAS.- 1. δίκαιός εἰμι ἀπολογήσασθαι, construción persoal, 'é xusto que eu me defenda ...'. 2. Ἀθηναῖοι, 'atenienses'. 3. Con τὰ ὕστερον sobreenténdase ψευδῆ κατηγορημένα, e con τοὺς ὕστερους sobreenténdase κατηγοροῦς.

II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos)

a) Contestar a DÚAS destas catro PREGUNTAS

1. Análise morfolóxica de ἀπολογήσασθαι.
2. Principios básicos de Sócrates e do seu ensino.
3. Ambiente político e social de Atenas en vida e morte de Sócrates.
4. Cite e explique algúns exemplos de vocabulario actual relacionados con πρώτος 'primeiro' e ἀπολογέω 'defender'.

b) Contestar obrigatoriamente a UNHA destas dúas PREGUNTAS:

1. Temas e ambientes nos poemas de Alceo.
2. Características principais do heroe homérico.

GREGO II

OPCIÓN 1: XENOFONTE

I.- TRADUCIÓN (Puntuación máxima: sete puntos)

CIRO ANTE BABILONIA.

“Οτε πρὸς Βαβυλῶνι ἦν ὁ Κῦρος, περιέστησε μὲν πᾶν τὸ στράτευμα περὶ τὴν πόλιν, ἐπεὶ δὲ κατεθέασατο τὰ τείχη, ἀπάγειν παρεσκευάσατο τὴν στρατιὰν ἀπὸ τῆς πόλεως.

NOTAS. 1. Βαβυλῶν, Babilonia (cidade de Mesopotamia). 2. Κῦρος, Ciro (rei de Persia).

II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos)

a) Contestar a DÚAS destas catro PREGUNTAS:

1. Análise morfolóxica de περιέστησε.
2. Análise sintáctica de ἀπάγειν παρεσκευάσατο τὴν στρατιὰν ἀπὸ τῆς πόλεως.
3. Obras de Xenofonte relacionadas con Ciro e cos persas.
4. Cite e explique algúns exemplos de vocabulario actual relacionados con πᾶν ‘todo’ e con πόλις, ‘cidade’.

b) Contestar obrigatoriramente a UNHA destas dúas PREGUNTAS:

1. Ambiente e motivos da poesía de Alceo.
2. Sócrates e a súa escola nas *Nubes* de Aristófanes.

OPCIÓN 2: PLATÓN

I.- TRADUCIÓN (Puntuación máxima: sete puntos)

CRITÓN VISITA A SÓCRATES NO CÁRCERE.

SÓCRATES: Θαυμάζω ὅπως ἠθέλησέ σοι ὁ τοῦ δεσμοτηρίου φύλαξ ὑπακοῦσαι.

CRITÓN: Συνήθης ἤδη μοί ἐστιν, ὦ Σώκρατες, διὰ τὸ πολλάκις δεῦρο φοιτᾶν, καί τι εὐεργέτηται ὑπ’ ἐμοῦ.

NOTAS: 1. φοιτᾶν, infinitivo substantivado por διὰ τὸ. 2. εὐεργέτηται, pretérito perfecto, voz medio-pasiva, de εὐεργετέω.

II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos)

a) Contestar a DÚAS destas catro PREGUNTAS

1. Análise morfolóxica de ἠθέλησε.
2. Análise sintáctica de τι εὐεργέτηται ὑπ’ ἐμοῦ.
3. Causas da prisión e do xuízo de Sócrates.
4. Cite e explique algúns exemplos de vocabulario actual relacionados con ἀκοῦσαι, ‘oír, escoitar’.

b) Contestar obrigatoriramente a UNHA destas dúas PREGUNTAS:

1. Ambiente e motivos da poesía de Alceo.
2. Sócrates e a súa escola nas *Nubes* de Aristófanes.

Criterios de Avaliación / Corrección

CONVOCATORIAS DE XUÑO E SETEMBRO

De acordo co programa vixente, o labor de tradución, de coñecemento práctico da lingua grega, considérase básico e non substituíble por ningunha outra de estudos literarios, lingüísticos, histórico-culturais etc. En consecuencia, dos DEZ (10) puntos posibles reservaranse **SETE (7)** para a cualificación da tradución; as respostas ao temario contribuirán á cualificación final cun máximo de **DOUS (2)** puntos; a pregunta sobre a lectura de obras literarias cualificarase como máximo **CUN (1)** punto.

Na **TRADUCIÓN** consideraranse faltas os erros cometidos tanto na interpretación gramatical (morfoloxía e sintaxe) como na léxica (erro na

consulta do dicionario). Valorarase positivamente a corrección e soltura sintáctica da tradución.

Nas **PREGUNTAS** valorarase tanto o contido –cantidade e calidade de coñecementos- como a forma en que son expostos -corrección e soltura léxica, sintáctica, ortográfica etc.-.

Lémbrese tamén que en ningún caso será válido que o alumnado traduza o texto dunha opción e responda ás preguntas da outra opción.

É evidente que un exame en branco será cualificado con **CERO (0)** puntos.

CONVOCATORIA DE XUÑO

OPCIÓN 1: XENOFONTE

I.- TRADUCIÓN (Puntuación máxima: sete puntos)
OS LACEDEMONIOS RECIBEN UNS
EMBAIXADORES

Desde Acanto e Apolonia, que eran as cidades mais grandes arredor de Olinto, chegaron embaixadores a Esparta. E os éforos, tras escoitar os asuntos polos que viñan, introducíronos ante a asemblea e os aliados.

II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos).

a) Contestar a DÚAS destas catro PREGUNTAS

1. ANÁLISE MORFOLÓXICA DE ἄκοῦσα ντες.

Nominativo de plural masculino, desinencia -ες, do participio activo, -sufixo ντ-, do tema de aoristo, sufixo -σα-, do verbo ἀκούω ‘escoitar’.

2. OBRAS DE XENOFONTE.

“Anábasis”, crónica da expedición e retirada de mercenarios gregos ó servizo do persa Ciro o Novo; “Ciropedia”, biografía de Ciro o Grande, con atención á súa educación e mais a cómo foi modelo de príncipes e gobernantes; “Memorias de Sócrates”, “Simposio” e “Apoloxía de Sócrates” sobre este filósofo, as súas ensinanzas e a súa inxusta condena a morte; “Helénicas”, que continúan a narración da Guerra do Peloponeso entre Esparta e Atenas (431 - 404), que Tucídides deixara interrompida no ano 411, e chegan ata o ano 362; “Constitución dos lacedemonios”, sobre as virtudes das constitucións de fasquia oligárquica e aristocrática, “Económico”, sobre a facenda doméstica; tamén tratou temas de hípica, caza etc.

3. DE QUE GUERRA FIXO HISTORIA XENOFONTE?

En “Helénicas”, da Guerra do Peloponeso (431 - 404), na que Esparta e os seus aliados derrotan a Atenas e os seus aliados e a súa Liga Marítima, narración que Tucídides deixara interrompida no ano 411. A obra de Xenofonte vai máis alá do final desta guerra e chega ata o 362.

4. CITE E EXPLIQUE ALGÚNS EXEMPLOS DE VOCABULARIO ACTUAL RELACIONADOS CON πρέσβυς ‘EMBAIXADOR, PERSOA DE IDADE, VELLO’ E CON ἀκούω ‘OÍR, ESCOITAR’.

πρέσβυς: *présbita*, persoa de vista cansada; *presbicia* ou vista cansada; *presbítero*, sacerdote, e *presbiterio*, lugar reservado ós sacerdotes na igrexa como persoas de idade e calidade; *presbiteriana*, póla do protestantismo chamada así porque nega a autoridade dos bispos sobre os presbíteros.

ἀκούω: *acústica*, ciencia dos sons; adxectivo *acústico*, -a, relativo ó sentido do oído e á percepción dos sons,

por exemplo, “local con boa ou mala acústica”; *hipoacusia*, déficit na capacidade auditiva.

b) Contestar obrigatoriamente a UNHA destas dúas PREGUNTAS:

1. TEMAS E AMBIENTES NOS POEMAS DE ALCEO.

Illa de Lesbos, s. VII - VI a.C., de poboación e dialecto eólicos. A loita entre bandos aristocráticos e contra os tiranos –tamén aristócratas–, con poemas nos que a cidade e o bando político propio en loita contra os rivais son comparados ca nave que sofre os embates do mar tormentoso: é a imaxe da “nave do estado” que callou na literatura e mais na linguaxe política de Europa. Denuncia e inxuria do inimigo no poder, queixa do vencido e exiliado. Tamén celebración do banquete aristocrático, da amizade, do amor e do viño en poemas nos que se quere dar unha lección ou experiencia. Himnos ós deuses e heroes. Abundante e esencial emprego de materiais míticos, en especial os procedentes da Épica homérica.

2. CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS DO HEROE HOMÉRICO.

Aristocracia, con ὄρετή ou ‘excelencia’ (mellor que ‘virtude’) que se proba no consello e na elocuencia e noutras capacidades e circunstancias da vida social e, sobre todo, no valor guerreiro con feitos que dan κλέος ἄφθιτον ou “*gloria indestrutible*” ó seu autor. Exaltación da amizade e da vida familiar. Necesidade de evitar toda acción ou omisión que poida producir vergonza ou censura social, pero pouco ou ningún control dos afectos e das paixóns, e o caso máis destacado é o de Aquiles e a súa cólera, anoxado por se ver privado da súa escrava Briseida. No terreo das habelencias e astucias para fuxir de perigos varios e vencer os seus inimigos é notable Odiseo, un heroe que moitas veces ten pouco de aristocrático e de épico nos seus actos.

OPCIÓN 2: PLATÓN

I.- TRADUCIÓN (Puntuación máxima: sete puntos)
SÓCRATES EXPÓN A ORDE NA QUE FARÁ A SÚA DEFENSA.

En primeiro lugar é xusto que eu me defenda, atenienses, contra as primeiras mentiras cas que se me acusa e contra os primeiros acusadores, e despois contra as mentiras e os acusadores posteriores.

II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos)

a) Contestar a DÚAS destas catro PREGUNTAS

1. ANÁLISE MORFOLÓXICA DE ἀπολογίσασθαί.

Infinitivo de voz media, desinencia -σθαί, do tema de aoristo, sufixo -σα-, do verbo ἀπολογέω “defender(se)”.

2. PRINCIPIOS BÁSICOS DE SÓCRATES E DO SEU ENSINO.

Home radicalmente independente nas súas conviccións, tivo conflito cos políticos e foi inxustamente condenado a morte acusado de ser inimigo dos deuses da cidade e corruptor da xente nova. Non deixou escritos e sabemos da súa filosofía por Aristófanes, nunha sátira malévola e desaxeitada (“*Nubes*”), por Xenofonte, con pouca altura intelectual, e, sobre todo, polos diálogos de Platón.

O tema principal de Sócrates é distinguir entre a simple opinión e o coñecemento verdadeiro: en particular o coñecemento do ben; o coñecemento leva necesariamente a que o home non poida obrar mal. Sócrates di que a súa sabedoría está en que sabe a súa propia ignorancia, punto de partida para o exame co que poder chegar á verdade que temos no noso interior: “non paga a pena vivir unha vida sen exame”. Na ironía de se finxir ignorante e na súa posición independente e crítica ante a opinión e o poder Sócrates fixo os inimigos que o levaron a beber a cicuta, mentres el propuña, como alternativa, unha pensión vitalicia por benfeitor da cidade e dos cidadáns.

3. AMBIENTE POLÍTICO E SOCIAL DE ATENAS EN VIDA E MORTE DE SÓCRATES.

A Atenas do século V a. C. ten o seu ‘século de ouro’ na prosperidade material baseada na talasocracia ou dominio do mar, unha política imperialista que inclúe a alianza ou suxeición doutras cidades gregas. É o tempo de reconstruír a Acrópole coas marabillas do Partenón, dos Propileos etc.; é o tempo do esplendor da Traxedia e da Comedia en festivais do deus Dioniso. Atenas é capital intelectual do mundo helénico con vivo debate entre a opinión conservadora, tradicionalista, e a ilustración crítica e racionalista que encabezan os sofistas e que ten a súa máxima expresión en que, con Protágoras, “unha persoa é a medida de todas as cousas”. O declive de Atenas comeza cando, a pouco de iniciar a súa guerra contra Esparta, sofre unha terrible peste que ten como vítima principal a Pericles, un político innovador e capaz ó que debemos, na obra de Tucídides, a definición e o programa, hoxe un “clásico”, da democracia ateniense. A partir do ano 430, Atenas vai estar mal dirixida na guerra e vai vivir un constante enfrontamento dos seus bandos políticos, intelectuais e sociais, dous procesos que rematan na derrota da cidade (ano 404) e na substitución do réxime democrático polo oligárquico. Sócrates, home sempre crítico e independente, vai ser na súa inxusta condena a morte (ano 399) a vítima principal das

tensións que viviu Atenas; xa anos atrás fora obxecto Sócrates da sátira inxusta do cómico Aristófanes, que en “*Nubes*” adiantou a mentira de que Sócrates corrompía a xente nova, unha das acusacións que o levaron a beber a cicuta.

4. CITE E EXPLIQUE ALGÚNS EXEMPLOS DE VOCABULARIO ACTUAL RELACIONADOS CON *πρῶτος* ‘PRIMEIRO’ E *ἀπολογέω* ‘DEFENDER’. *πρῶτος* ‘primeiro’ está en moitos termos compostos para significar o primeiro ou primitivo nunha serie, por exemplo, *protozoo*, *protomártir*, *prototipo*... Tamén, *protagonista*, *protagonismo*... para o papel principal no teatro e por extensión en calquera outra actividade.

ἀπολογέω ‘defender’: *apología* ou ‘defensa’ oral ou escrita; *apologista*, autor dunha *apología*; adxectivo *apologético*, -a, relativo á *apología*.

b) Contestar obrigatoriamente a UNHA destas dúas PREGUNTAS:

1. TEMAS E AMBIENTES NOS POEMAS DE ALCEO.

Illa de Lesbos, s. VII-VI a.C., de poboación e dialecto eólicos. A loita entre bandos aristocráticos e contra os tiranos -tamén aristócratas, con poemas nos que a cidade e o bando político propio en loita contra os rivais son comparados coa nave que sofre os embates do mar tormentoso: é a imaxe da “nave do estado” que callou na literatura e mais na linguaxe política de Europa; denuncia e inxuria do inimigo no poder, queixa do vencido e exiliado. Tamén celebración do banquete aristocrático, da amizade, do amor e do viño en poemas nos que se quere dar unha lección ou experiencia. Himnos ós deuses e heroes. Abundante e esencial emprego de materiais míticos, en especial os procedentes da Épica homérica.

2. CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS DO HEROE HOMÉRICO.

Aristocracia, con *ἀρετή* ou ‘excelencia’ (mellor que ‘virtude’) que se proba no consello e na elocuencia e noutras capacidades e circunstancias da vida social e, sobre todo, no valor guerreiro con feitos que dan *κλέος ἄφθιτον* ou ‘gloria indestrutible’ ó seu autor. Exaltación da amizade e da vida familiar. Necesidade de evitar toda acción ou omisión que poida producir vergonza ou censura social, pero pouco ou ningún control dos afectos e das paixóns, e o caso máis destacado é o de Aquiles e a súa cólera, anoxado por se ver privado da súa escrava Briseida. No terreo das habelencias e astucias para fuxir de perigos varios e vencer os seus inimigos é notable Odiseo, un heroe que moitas veces ten pouco de aristocrático e de épico nos seus actos.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

OPCIÓN 1: XENOFONTE

I.- TRADUCIÓN (Puntuación máxima: sete puntos) CIRO ANTE BABILONIA.

Cando Ciro estivo ante Babilonia, puxo todo o exército arredor da cidade, pero despois de examinar as murallas, preparouse para retirar da cidade o exército.

II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos) a) Contestar a DÚAS destas catro PREGUNTAS:

1. ANÁLISE MORFOLÓXICA DE περιέστησε.

περιέστησε, terceira persoa de singular do aoristo sigmático, con sufixo -σ-, (“primeiro”, transitivo), activo do verbo περίστημι, composto con preverbio περί ante a raíz verbal στη-. Por ser aoristo de indicativo, pretérito ou “tempo secundario”, ten aumento ἐ-.

2. ANÁLISE SINTÁCTICA DE

ἀπόγειν παρεσκευάσατο τὴν στρατιὴν ἀπὸ τῆς πόλεως.

A oración principal é παρεσκευάσατο, con suxeito sobreentendido <Κῦρος>, ten unha subordinada completiva con infinitivo concertado (é dicir, o seu suxeito é o mesmo que o do verbo principal) e de sentido final, ἀπόγειν, con complemento directo τὴν στρατιὴν e complemento circunstancial en xenitivo-ablativo, “lugar de onde”, ἀπὸ τῆς πόλεως.

3. OBRAS DE XENOFONTE RELACIONADAS CON CIRO E COS PERSAS.

A “Anábase” ou retirada dos dez mil mercenarios gregos que combateran no exército de Ciro o Novo, morto na batalla de Cunaxa (ano 401) na loita polo trono contra o seu irmán o rei Artaxerxes II. A retirada foi abundante en peripecias e moi longa, desde Cunaxa, preto de Babilonia, ata a colonia grega de Trapezunte no Mar Negro. A “Ciropeia” ou “educación de Ciro” é unha biografía de Ciro o Grande, con especial insistencia na súa formación como príncipe e guerreiro; fai relato das súas exitosas campañas e do seu labor como gobernante. É unha obra destacable como cabeza da tradición europea de tratados sobre o príncipe ideal e a súa educación.

4. CITE E EXPLIQUE ALGÚNS EXEMPLOS DE VOCABULARIO ACTUAL RELACIONADOS CON πᾶν ‘TODO’ E CON πόλις, ‘CIDADE’.

πᾶν y παντο- “todo”, son moi frecuentes en compostos para significar un conxunto ou totalidade: un panorama é unha visión total ou de conxunto, o Pantocrátor é o mesmo que (Deus) Omnipotente; a panoplia é un conxunto de armas; panteísmo, doutrina

na que a totalidade do universo e a divindade se identifican; ademais, pantera, pancarta, pantomima, panhelénico, panteón, pantógrafo, páncreas, panacea...

b) Contestar obrigatoriamente a UNHA destas dúas PREGUNTAS:

1. AMBIENTE E MOTIVOS DA POESÍA DE ALCEO.

Illa de Lesbos, s. VII - VI a.C., de poboación e dialecto eólicos. A loita entre bandos aristocráticos e contra os tiranos -tamén aristócratas, con poemas nos que a cidade e o bando político propio en loita contra os rivais son comparados coa nave que sofre os embates do mar tormentoso: é a imaxe da “nave do estado” que callou na literatura e mais na linguaxe política de Europa; denuncia e inxuria do inimigo no poder, queixa do vencido e exiliado. Tamén celebración do banquete aristocrático, da amizade, do amor e do viño en poemas nos que se quere dar unha lección ou experiencia. Himnos ós deuses e heroes. Abundante e esencial emprego de materiais míticos, en especial os procedentes da Épica homérica.

2. SÓCRATES E A SÚA ESCOLA NAS NUBES DE ARISTÓFANES

Aristófanes fai unha presentación de grande e moi hábil comicidade, pero de pouca realidade, pois confunde a Sócrates co peor da Sofística que coas súas habilidades retóricas sabe converter o *lógos ádikos* ou “causa inxusta” en *lógos dikaios* ou “causa xusta”; non é equivocada, pero tampouco a máis axeitada, a presentación de Sócrates como *tà metéora phrontistés* ou “pensador dos fenómenos celestes”, xa que as súas preocupacións cosmolóxicas foron moi secundarias fronte ó interese polo home e polas súas capacidades de coñecemento, elección e práctica do ben. Aristófanes foi inxusto en presentar a Sócrates como exemplo do intelectual perigoso, corruptor da xente nova: cómpre recordarmos que o ano 399, na crise total de Atenas tras a súa derrota, Sócrates foi condenado a morte cos cargos de ateo e corruptor que xa están insinuados nas “Nubes” de Aristófanes o ano 423.

OPCIÓN 2: PLATÓN

I.- TRADUCIÓN (Puntuación máxima: sete puntos) CRITÓN VISITA A SÓCRATES NO CÁRCERE.

Socrates.- *Admirome de que o gardián do cárcere quixese atenderte.*

Critón.- *Xa está afeito a min, Sócrates, por ter vido eu aquí moitas veces e ter recibido el algún favor pola miña parte.*

Exemplos de resposta / Soluciones

II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos)

a) Contestar a DÚAS destas catro PREGUNTAS

1. ANÁLISE MORFOLÓXICA DE ἠθέλησε.

ἠθέλησε: terceira persoa de singular do aoristo activo de indicativo do verbo ἐθέλω; é aoristo sigmático, sufixo -σ-, e o seu aumento, por ser tempo secundario, consiste en alongar o ε- inicial.

2. ANÁLISE SINTÁCTICA DE τι εὐεργέτηται ὑπ' ἐμοῦ.

Verbo εὐεργέτηται ten como suxeito sobreentendido <ὁ ... φύλαξ> do comezo. Complemento directo τι co xenitivo de causa (ou “axente”) ὑπ' ἐμοῦ.

3. CAUSAS DA PRISIÓN E DO XUÍZO DE SÓCRATES.

Unha acusación inxusta que, en certo modo, era esperable contra un home que filosofou anos e anos con independencia crítica ante todos os usos, tradicións e sectores da vida cidadá ateniense, ademais da *ironía*, coa que, simulando a súa ignorancia, puña en evidencia a dos seus interlocutores no relativo ó coñecemento certo e por riba da simple opinión. Sócrates, erradamente confundido cos sofistas, foi vítima da crise política, social e moral profunda de Atenas tras a súa derrota ante Esparta, pero foron totalmente falsos os dous puntos da acusación -non respectar os deuses da cidade e corromper a xente nova- pola que foi condenado á cicutá. Mellor lles fora ós atenienses elixir a alternativa que Sócrates lles propuxo no seu proceso: que lle desen unha pensión vitalicia por benfeitor da cidade.

4. CITE E EXPLIQUE ALGÚNS EXEMPLOS DE VOCABULARIO ACTUAL RELACIONADOS CON ἀκοῦσαι, ‘OÍR, ESCOITAR’.

acústica, ciencia, condición etc. relativas ó sentido do oído e a escoitar, por exemplo, “local con boa ou mala acústica”; *hipoacusia*, carencia ou déficit na capacidade auditiva.

b) Contestar obrigatoriamente a UNHA destas dúas PREGUNTAS:

1. AMBIENTE E MOTIVOS DA POESÍA DE ALCEO.

Illa de Lesbos, s. VII-VI a.C., de poboación e dialecto eólicos. A loita entre bandos aristocráticos e contra os tiranos -tamén aristócratas, con poemas nos que a cidade e o bando político propio en loita contra os rivais son comparados coa nave que sofre os embates do mar tormentoso: é a imaxe da “nave do estado” que callou na literatura e mais na linguaxe política de Europa; denuncia e inxuria do inimigo no poder, queixa do vencido e exiliado. Tamén celebración do banquete aristocrático, da amizade, do amor e do viño en poemas nos que se quere dar unha lección ou experiencia. Himnos ós deuses e heroes. Abundante e esencial emprego de materiais míticos, en especial os procedentes da Épica homérica.

2. SÓCRATES E A SÚA ESCOLA NAS NUBES DE ARISTÓFANES

Aristófanes fai unha presentación de grande e moi hábil comicidade, pero de pouca realidade, pois confunde a Sócrates co peor da Sofística que coas súas habilidades retóricas sabe converter o *lógos ádikos* ou “*causa inxusta*” en *lógos dikaios* ou “*causa xusta*”; non é equivocada, pero tampouco a máis axeitada, a presentación de Sócrates como *tà metéora phrontistés* ou “*pensador dos fenómenos celestes*”, xa que as súas preocupacións cosmolóxicas foron moi secundarias fronte ó interese polo home e polas súas capacidades de coñecemento, elección e práctica do ben. Aristófanes foi inxusto en presentar a Sócrates como exemplo do intelectual perigoso, corruptor da xente nova: cómpre recordarmos que o ano 399, na crise total de Atenas tras a súa derrota, Sócrates foi condenado a morte cos cargos de ateo e corruptor que xa están insinuados nas “*Nubes*” de Aristófanes o ano 423.